



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno e ante o Alcalde en relación coa demanda do pintado das líneas dos campos de fútbol sete no campo de céspede artificial d'A Fieiteira

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado sábado 28 de novembro **cen nenos non puideron xogar ao fútbol sete** no campo de céspede artificial d'A Fieiteira xa que as líneas que delimitan o terreo de xogo estaban sen pintar.

Con máis de 2 meses de competeción esta situación bochornosa era previsible, xa que o pintado das líneas de xogo estaba sendo efectuado, de xeito voluntario, tanto por directivos dos clubs, técnicos municipais e incluso os propios pais dos rapaces.

Sen dúbida, é responsabilidade do goberno local dar as órdenes oportunas para que as instalacións deportivas municipais estén nas mellores, e reglamentarias, condicións para a práctica do deporte. Neste caso o goberno local debe resolver de xeito definitivo o marcado das líneas de xogo permanentes, e mentras eso non se produce debe responsabilizarse do pintado con cal das mesmas.

O grupo municipal do BNG é coñecedor de que xa se iniciaron as xestións para o pintado permanente destes campos, xestión esta que tiña como data de finalización, tal como se lles explicou aos clubs, o pasado mes de setembro. O BNG non entende como pasados xa 2 meses, non se tomaron as medidas oportunas para resolver esta situación.

Ante isto o grupo municipal do BNG de Ribeira

SOLICITA:

Que o concello de Ribeira tome as medidas oportunas para que se solucionen de xeito definitivo e urxente, a marcase das líneas de fútbol sete, con materiais definitivos, e mentres esto non se solucione que se pinten con cal os días que haxa competición.

Ribeira, 30 de Novembro de 2009

Asdo.: Luís Teira Parada
Concelleiro do BNG de Ribeira

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA